Os Tesouros do Mar na Ría de Vigo

FUNDAMAR
Fundación para la Pesca y el Marisqueo

TÍTULO:
Os Tesouros do Mar na Ría de Vigo

AUTOR:
Fundación para la pesca y marisqueo –FUNDAMAR-

TEXTO E ILUSTRACIÓNS:
José A. Marcote Iglesias

EDICIÓN E IMPRENTA:
Occidente, diseño y comunicación , S.L.

REVISIÓN LINGÜÍSTICA:
Begoña Méndez Vázquez
Gabinete Lingüístico de CCOO-Galicia

DEPÓSITO LEGAL:
VG 778-2017

Caderno de bitácora.
17 de setembro de 1883.

«Quince anos tardei en perfeccionar a miña máquina. O meu Nautilus xa era a máis extraordinaria nave de todos os tempos. A súa capacidade para realizar longas travesías non ten parangón con ningún outro medio de locomoción. Que as súas viaxes se realicen por baixo da auga convérteno nunha pantasma invisible. Agora, grazas ao meu enxeño, xa non viaxará soamente polos mares, agora tamén o fará a través do tempo.

A investigación foi longa e custosa. Urxe conseguir novos fondos. Non hai tempo para probas, estou seguro do seu funcionamento, todos os cálculos son correctos.

Nestes cinco anos non deixei de pensar no preto que estiven de alcanzar un obxectivo que me proporcionase financiamento para todos os meus estudos. Non teño dúbida ningunha: debo volver á ría de Vigo. No seu fondo espérame un enorme tesouro. Agora resultarame moito máis sinxelo atopalo. Viaxarei no tempo ata o día da bata-

lla de Rande. Así saberei que sucedeu e onde están exactamente os pecios dos galeóns. O enorme tesouro traído de América polos españois será meu. Saberei darlle un bo uso.»

O exército de silenciosos axudantes do Capitán Nemo realizaba os últimos exercicios de mantemento. O Nautilus lucía impresionante. As recentes modificacións realizadas por Nemo fixéranlle perder algo da súa esvelta liña. A cambio, as novas dimensións facíano merecedor dun maior respecto. Nemo non destacaba pola súa modestia, pero non mentía: xamais existira unha máquina tan prodixiosa.

Nas últimas semanas descansara pouco. Dedicaba a metade do día a solicitar datos históricos sobre a batalla de Rande e a outra metade a asegurar o funcionamento teórico da máquina do tempo. Nos escasos momentos de repouso, lembraba a súa entrada na ría de Vigo. Foi o 18 de febreiro de 1868. A paisaxe resultáballe difusa. Non daba precisado con exactitude como eran as illas Cíes nin a contorna da ría. Naquela visita, toda a súa atención estaba fixada no tesouro dos galeóns. Nesta oportunidade, grazas á máquina do tempo, podería permitirse o luxo de coñecer mellor esa terra, de vela evolucionar no tempo. Como serían esas pequenas poboacións de pescadores no 1950? E no ano 2000? A prioridade seguía sendo o tesouro, pero a máquina do tempo ofrecía unhas posibilidades que unha mente científica non podía desaproveitar.

Había un problema, Nemo estrañábase do sinxelo que resultaba conseguir información detallada sobre os movementos dos barcos na batalla e, pola contra, a impo-

sibilidade de descubrir cal fora o destino do tesouro. Iso inquietábao. Podía debuxar fielmente o maltreito estado dos vinte e tres barcos da frota hispano-francesa que, en outubro de 1702, buscaron refuxio na ría logo dunha durísima travesía do Atlántico. Acosándoos, a frota anglo-holandesa procuraba non lles dar respiro para evitar que recompuxesen aparellos e municións. Cento cincuenta buques coas tripulacións descansadas estaban dispostos a pulverizar aqueles miserables e a arrincarlles o maior tesouro nunca traído de América. Miles de mortos e todos os barcos franco-españois afundidos foi o resultado final. Ata aquí, a historia estaba clara. O tesouro tampouco era unha lenda, as referencias que del se facían eran concretas e veraces, pero do seu destino nada se sabía.

Á mañá seguinte, Nemo partía en dirección a Vigo. O Nautilus, pintado de brillante cor dourada, sucaba as augas navegando en superficie a moitos nós de velocidade, sen aparente esforzo e case sen emitir son ningún. Desde a torreta, Nemo miraba a inmensidade do mar e soñaba. Todo funcionaba á perfección. Ao pasar ao oeste das illas británicas decidiu que era o momento de probar a máquina do tempo. Adiantou o reloxo central cen anos. Viaxaría ata 1983 sen deter a marcha. Comunicou a noticia aos seus axudantes: «Chegou o momento, señores, estean preparados. Os cálculos son exactos, non teñen que temer cousa ningunha, non sentirán nada. Viaxaremos no tempo como unha pantasma. Veremos, pero non seremos vistos. Só unha cousa debemos ter en conta: non podemos interferir na historia. De facérmolo, as consecuencias serían terribles».

A forma de expresarse de Nemo e a frialdade da súa voz

provocaron un calafrío nos seus axudantes. Estaban adestrados e seguían fielmente o seu líder, pero asomábanse ao descoñecido e iso provocaba certa vertixe.

Á altura do paralelo 50, Nemo accionou a gran caravilla do tempo. O Nautilus pareceu contraerse. Nin un son estraño. Nada. Seica fracasara? Con certa ansiedade, Nemo ordenou elevar o periscopio en busca dalgún dato co que corroborar a viaxe temporal. E o que atopou superaba todas as súas expectativas. A fortuna quixo que a primeira viaxe temporal da historia coincidira na zona que, no século seguinte, sería o xeneroso caladoiro do Gran Sol. En 1983, un gran número de modernos pesqueiros afanábanse na captura da pescada, a moi poucas millas da posición do Nautilus.

Disimulando a súa alegría, Nemo ordenou saír á superficie, a invisibilidade permitiríalle achegarse e descubrir as súas artes de pesca. Así o fixo e aínda lle agardaba unha nova sorpresa: nas amuras de varios barcos, a matrícula empezaba por VI. Era posible o que estaba a ler? Ese VI tería algo que ver co seu destino en Vigo? Na súa anterior visita, Vigo era unha pequena vila de pescadores, podería contar cen anos despois cunha numerosa frota pesqueira? Achegouse aos pesqueiros e non tivo dúbida: Anduriña II, Samil I, Rande! Viunos traballar con mestría. Uns barcos de metal que mesmo conxelaban inmediatamente o que pescaban. Que grande ocorrencia! Gustoulle comprobar que eses vigueses tamén tiñan ideas xeniais.

Máis ca satisfeito, regresou a 1883 e, ordenando a toda máquina, dispúxose a chegar canto antes á ría viguesa. Dous días máis tarde divisaba as illas Cíes. Para el foi

... o meu desexo é volver a Vigo e topar
o tesouro de Rande


O PORTENTOSO NAUTILUS AGORA TAMÉN VIAXA A TRAVÉS DO TEMPO

A PRIMEIRA VIAXE TEMPORAL LEVOUNOS A APARECER ENTRE
PESQUEIROS NO GRAN SOL

como situarse ás portas do paraíso. Por un momento esqueceu que estaba a navegar na súa época, é dicir, que o Nautilus era perfectamente visible. Inmersión e a introducirse na ría de Vigo.

Coa axuda do periscopio, Nemo botou unha detida ollada ás illas Cíes, das que gardaba un grato recordo. Parecíanlle unhas deliciosas illas solitarias. Non imaxinaba que andando os anos as súas praias serían consideradas as mellores do mundo e que os turistas chegarían por milleiros, tantos que cumpriría limitar o seu número.

O Nautilus avanzaba agora devagar. Nemo fixaba a súa atención nas aldeas de pescadores. Vía pequenos barcos de madeira, algún veleiro de maior porte, tamén o que semellaban buques baleeiros. En todo caso, nada que ver cos modernos conxeladores que descubriu na súa primeira viaxe ao futuro. Coa axuda do periscopio tamén distinguía os pequenos estaleiros de ribeira e unhas construcións en rexo granito que parecían, e así era, pequenas factorías de salgadura. «Aquí tamén están aprendendo a tirarlle partido ao mar».

Mandou deter as máquinas e ficar mergullado. A estribor, a pequena illa de Toralla parecía servirlle de apoio. A manobrabilidade do Nautilus era extraordinaria, o que lle permitía achegarse aos portos ou a calquera costa cunha gran seguridade.

Aproveitou o momento para revisar a carta náutica: aínda quedaban outros illotes na ría. Ao fondo víanse San Simón e Santo Antón. Un fermoso lugar, pero que nos mapas Nemo sinalara cunha caveira: nos últimos cin-

cuenta anos, esas illas convertéranse nunha leprosería. En Santo Antón estaban os incurables e en San Simón, o resto dos enfermos. Un lugar moi pouco recomendable, sen dúbida. Nas súas viaxes, Nemo enfrontouse cunha chea de problemas e enfermidades, pero á lepra tíñalle un respecto moi especial, pois vira o que podía facer nos corpos. De todos os xeitos, sentiu tentación por viaxar no tempo e descubrir como sería San Simón anos despois; se se curaría a lepra ou se se estendería. Pero o motivo da misión era outro, non quería admitir máis distraccións. «Abaixo periscopio».

Nemo volveu ao seu camarote para repasar outra volta todos os apuntamentos sobre a batalla de Rande. As notas do almirante José Chacón e Pery botaban luz no asunto:

«El domingo 22 de octubre por la mañana arrivó sobre Vigo toda la Armada de Inglaterra, que se componía de más de 150 navíos, los 70 de línea y los restantes de todo género de embarcaciones, incluiendo algunas carcassas de echar bombas, el mismo día por la tarde llegaron a dar fondo en la ría que llaman de Teis, mui cerca de nuestros navíos y luego salí de mi Almiranta con toda la gente de su dotacion al fuerte del Norte a donde estava señalado don Manuel Velasco con todas las Compañías de Infantería de los Vageles franceses. Aquella noche (el enemigo) intentó venir por tres veces a la cadena de donde fue rechazado, por la mañana reconociéndose que su desembarco era por Teis, mandó el Sr. Conde de Chatternaut que todas las demás compañías passaran al fuerte de Rande incluiendo las de mi hermano Don Fernando Chacón y haviendo ganado el fuerte quedó este prisionero y herido en la caveça y viendo el Sr. Conde

de Chatternaut que ganado el fuerte de Rande era dueño de los navíos (el enemigo) dio horden para que todos se quemaran, excepto algunos que les faltaron las minas no se prendieron en el incendio, casso bien fatal..... con tanto tesón de una y otra parte, que, mezclados los leños, casi era inútil el cañón. Peleábase con fuegos de inhumano artificio, ollas, camisas y bolas de betún ardiente. Deseaban los franceses venir al borde, porque estaban más bien guarnecidos de gente de guerra; pero los ingleses toda la lid acometieron al fuego, y siendo en número superiores, no podían diez naves defenderse de tanta multitud de leños enemigos, que suplían siempre los maltratados.»

A batalla foi curta. Os invasores anglo-holandeses, moi superiores en número, conquistaron facilmente as baterías costeiras, co cal tamén puideron empregalas contra os galeóns españois. As naves francesas tentaron sen éxito protexer os galeóns comerciais repletos de ouro. Ao se ver perdido, o almirante Manuel de Velasco ordenou afundir os barcos para que as riquezas non caesen en mans inimigas. Os invasores, burlados, vingáronse con sadismo contra os vencidos e saquearon Redondela e San Simón. Tentárono tamén con Vigo, pero os seus defensas resistiron. Todo foi moi rápido, o 23 de outubro de 1702 iniciouse a batalla e o 30 do mesmo mes, os ingleses abandonaban a ría sen os prezados tesouros, que seguen esperando no fondo.

A ría de Vigo é estreita xustamente en Rande, pero cara ao interior anchea ata se converter nun pequeno mar. Para confirmar o lugar exacto do afundimento haberá que achegarse bastante. Invisible si, pero non intanxible, o

A RÍA DE VIGO EN 1883

NEMO SEGUIU PERFECCIONANDO O SEU PLAN

BELA, PERO PERIGOSA...

SAN SIMÓN ERA UNHA LEPROSERÍA

HAI QUE TER COIDADO COA POUCA PUNTERÍA DOS NAVÍOS DO S.XVIII



Nautilus correrá un grave perigo. A principios do século XVIII, a puntería non era precisamente un dos atributos das pezas de artillería. Os canóns dos barcos, sometidos a ondadas e viraxes, só eran certeiros a moi curta distancia. A posibilidade de ser alcanzados por algún canonazo perdido sería bastante considerable. «É o risco que hai que correr. O Nautilus é rápido e áxil, saberemos superalo.»

Nemo seguiu cos seus cálculos. Sinalaba no mapa as baterías de Rande e Corveiro. «Desde aquí tamén se bombardeou os galeóns. Eran catorce buques de carga máis os defensores franceses, tiñan que atoparse nun espazo suficientemente amplo e a certa distancia...» A zona íase acoutando, Nemo conseguía estreitar o cerco sobre o lugar do afundimento. Era un xenio das matemáticas e os seus cálculos sempre resultaban acertados, pero o seu temor oculto o atenazaba: coa gran cantidade de referencias que atopa sobre a batalla, por que ninguén precisaba o lugar do afundimento? Por temor aos saqueos? Ou haberá algo máis?

A ría de Vigo oculta unha sorpresa: ten un enorme calado. Un calado que co tempo converterá o seu porto nun dos máis importantes do Atlántico, permitíndolle acoller enormes cargueiros mesturados cos meirandes cruceiros do mundo. A ese calado confiaba Nemo a seguridade dos tesouros, convencido de que só el podería alcanzalos coa axuda do seu revolucionario somerxible.

O cansazo mesturábase coa excitación, debería repousar antes da decisiva xornada do día seguinte, pero aínda tivo arranque para se dirixir á tripulación e testar o seu estado de ánimo. A tripulación do Nautilus estaba composta

por só catorce homes, todos dotados dunha notable formación científica. Nemo seleccionáraos de forma meticulosa. Eran científicos, preparados para a acción pero sen carácter aventureiro, robustos mais de baixa estatura (nun submarino todo conta) e, sobre todo, xente fiel. Un grupo unido coma unha piña que o seguiría a través da historia. Mascábase a tensión do momento, pero todos estaban firmes e seguros de cumprir coa súa responsabilidade. Podería descansar un pouco.

Cando un mariño di descansar un pouco, é realmente pouco. Antes das seis da mañá, Nemo e a súa tripulación xa estaban preparados para a xornada que lles esperaba. Durante as seguintes horas dedicáronse a repasar todo o plan e a automatizar as respostas, en definitiva: o obxectivo era non deixar ningún cabo solto que puidese arruinar a operación. A tripulación funcionaba como un só home.

A media mañá, o Nautilus dirixiuse ao centro da ría, virou lixeiramente a estribor e situouse nunha zona próxima á que os cálculos de Nemo sinalaban como probable lugar do afundimento. Nemo activou a caravilla do tempo e de novo ese estraño silencio volveu xearlles o sangue. Pero nesta ocasión o silencio durou pouco, Nemo acertara unha vez máis e, a menos dun cuarto de milla, a batalla explotaba en toda a súa inmensidade. Amparados pola invisibilidade saíron á superficie e puideron comprobar a crueza das batallas navais no século XVIII. Os galeóns de carga estaban a recibir un terrible lume cruzado. Os navíos franceses Le Bourbon e L´Espérance quedaran totalmente desarborados, a defensa cedera e os cargueiros estaban a ser arrasados. Coa precisión dun metrónomo, as baterías de costa varrían a posición con tiros combi-

nados. O final parecía próximo. Nemo pensaba que con semellante potencia de lume caendo sobre a frota franco-española ía resultar innecesario sacrificar os barcos, afundiríanse destruídos. Pero entón sucedeu algo inesperado: desde L´Esperánce comezou a ondear unha enorme bandeira branca. Aos poucos, foron silenciándose as últimas descargas. Só se escoitaba o crepitar dalgúns lumes e o ruído das enxarcias. Lentamente, o Torbay puxo proa cara ao grupo dos desventurados cargueiros. A manobra de aproximación foi lenta e pesada. O Nautilus achegouse tamén coa súa sorprendente axilidade. Nemo tiña unha perspectiva perfecta da situación, máis o que viu non lle agradou en absoluto. Tras o Torbay fóronse aproximando o Grafton, o Kent e o resto de grandes navíos ingleses. A actuación respondeu sempre ao mesmo esquema: achegábanse a un barco español ou ao que quedaba del, subían os prisioneiros e os tesouros a bordo e afundían o barco. Así un tras outro, ata que non quedou ren.

Nemo e varios membros da tripulación asistiron á escena sen mediaren palabra. Non hai tesouros no fondo da ría. Repartíronse entre ingleses e holandeses. «Sigámolos! Quitémoslles o ouro!», exclamou un dos científicos. «É inútil —contestou Nemo— non podemos interferir na historia. Só podemos facernos co ouro na nosa época e para entón todo este ouro estará repartido en millóns de porcións por varios países. Todo está perdido». Nemo pechouse no seu camarote sen dar orde ningunha.

A tripulación estaba abatida, traballaran arreo durante cinco anos á espera desta grande oportunidade. Converteran ao Nautilus nunha máquina aínda máis prodixiosa. Renunciaran a unha vida normal e agora debían renderse

A BATALLA FOI UN MASACRE
PRONTO SE AFUNDIRÍAN OS GALÓNS
SORPRESA!
RÉNDENSE E ENTREGAN OS TESOUROS AO INIMIGO
DESOLACIÓN. NON HAI TESOUROS EN RANDE

sen poder tentar nada. «Inmersión.»

Pousáronse no fondo e suspenderon toda actividade. A tristeza apoderouse de todos os membros; quen máis ou quen menos só desexaba recuperar o soño atrasado. O relucente Nautilus parecía un buque pantasma, e así ficaron durante tres días, algo que non supoñería ningún esforzo para a súa grande autonomía.

Aos poucos, o somerxible foise espreguizando. Algunhas voces, algúns sons de actividade parecían retornalo á vida. Aínda non dixeriran o desgusto pero comezaban a asimilar que a vida seguía e que merecían unhas pequenas vacacións. Finalmente, Fogarty, o científico máis vello, atreveuse a chamar no camarote do capitán. Nemo non tardou moito en erguerse e abrir. Víase desmellorado. Non perdera un chisco do seu xesto inmutable, pero na súa mirada asomaba o fracaso e o pesadume por defraudar a tripulación.

Novamente púidose comprobar que estes homes estaban feitos dunha pasta especial e que a admiración que sentían por Nemo non minguara o máis mínimo. Cunha serie de respectuosas bromas lograron romper o xeo e quitarlle importancia ao fracaso. Non se escoitaron frases negativas, nada de falar de cinco anos perdidos, de esforzo e diñeiro malgastado. Todos parecían concordar en que unhas vacacións eran moi merecidas e que, ademais, se atopaban nun lugar ben apropiado para celebralas. Asentiu Nemo, para quen a ría de Vigo sempre tivera un atractivo especial.

—Capitán, creo que falo por boca de todos se sinalo que

desexamos gozar dunhas vacacións e viaxar ao futuro. Esta ría é un lugar fantástico. Xa viu vostede aqueles asombrosos pesqueiros cos que coincidimos ao oeste de Inglaterra. Sería estupendo pasar uns días aquí, pero no futuro. Observando a vida e os adiantos dos novos tempos. Seguro que descubriremos moitas cousas interesantes.

—Non o dubido, Davies, pero preocúpame estarmos espallados por aí. Os cálculos din que permaneceremos na viaxe temporal aínda que esteamos fóra do Nautilus, pero sabemos que a invisibilidade se perde a certa distancia do barco. Teredes que manter contactos con persoas de terra, con xentes doutra época.

—Teremos, capitán, teremos. Para vostede tamén é aconsellable saír de aquí. Ademais, co seu enxeño seguro que descubrirá e adaptará cousas extraordinarias do futuro. Que nos di, saímos?

—Pero vistes as vosas roupas? Que pensarán os homes do futuro? —Os que estaban máis preto xuraron ver por primeira vez un leve sorriso no rostro de Nemo.

—Iso non é problema, Capitán. Os homes de mar sempre sabemos manter o estilo!

—Ben, está ben, creo que o merecedes.

—Vostede tamén, Capitán.

—Señores, avíense e volvan á sala de mandos en media hora.

Por fin volvía certa alegría ao grupo. Non tiñan o ouro español, pero terían a oportunidade de vivir unha experiencia única. Viaxar no tempo durante uns días. Descubrir como serían as cousas nun século futuro. Certa euforia empezou a apoderarse deles.

Media hora máis tarde, alí estaban todos. O aspecto era mellor do esperado. Nemo pensou que non era ningunha tolemia, alegrouse da proposta.

—Ben, que lles parece se ademais de cambiar de século tamén o facemos de milenio. —aquí algún sentiu un certo estremecemento. Cambiar de milenio. Ir ao 2000 ou máis aló. E se, como dicían algúns agoireiros, o mundo acabou nese ano?.

—Señores, propóñolles ir alén do ano 2000, por exemplo, ao 2017. Que me din?

Mesmo con algo de temor, todos aplaudiron a proposta. Sempre á beira do seu líder. Nemo activou a caravilla do tempo: «2017, aló imos.»

Logo do silencio habitual, o submarino emerxeu. Todos desexaban asomarse. O que viron deixounos pampos: a pequena vila pesqueira convertérase nunha extensa cidade. Había un gran número de vivendas, algunhas de moi altas. E centos de guindastres. Moitos barcos en construción, algún deles de grande eslora. No canto de pequenas factorías de salgadura, había agora grandes empresas. A ría estaba repleta dunhas lixeiras construcións de madeira, todas iguais. Polas rúas, a xente movíase nuns estraños vehículos motorizados. Un avión aproximando


ABATIDOS, DESCANSARON NO FONDO DA RÍA

Capitán, debemos recuperar o ánimo.
Que lle parecen unhas vacacións en Vigo?


Sexa, pero no Vigo do futuro!
Imos a 2017!
19
2017

a súa aterraxe a Peinador foi a maior das sorpresas: unha máquina voadora!

Aínda petrificado pola impresión, Nemo só puido musitar: «Teñan coidado aí fóra». Aproveitando a invisibilidade, o Nautilus achegouse ao que parecía unha zona militar en desuso e amarrou nun lugar de difícil acceso. Aos poucos, todos os membros da tripulación, menos os dous que formarían o retén de seguridade, abandonaban o buque e comezaban a camiñar polas rúas de Vigo. Nemo foi o último en saír. Na súa cabeza acumulábanse sentimentos e sensacións diversas. Desexaba ver este novo mundo, pero tamén buscaba un pouco de soidade á beira do mar. Comezou a camiñar gozando das bondades do clima. Ao pouco atopouse cunha moza de singular aspecto. Tiña un gracioso pelo rizado e vestía unha camiseta curta e unhas estrañas botas coas que se introducía na auga, aparentemente sen se mollar. Portaba na man unha especie de flotador cunhas partes metálicas e de vidro. Estivo a observar a súa actividade. A moza baleiraba o contido dese artefacto nunhas probetas, escribía algo nun papel e volvía depositar o dispositivo na auga. Nemo non puido resistir a curiosidade e dirixiuse a ela en inglés. Para a súa sorpresa, ela contestoulle correctamente no mesmo idioma.

—Estou a tomar unhas mostras da auga da ría. O mes pasado parece que houbo unha diminución de nutrientes e estámolo investigando. —Nemo seguía absorto co aparello. Ela estendeulle a man.

—Chámome Beatrix, acabado en xe, si. Son bióloga mariña, estou facendo un estudo para o CSIC.

—Nemo —balbuciu—, son o capitán Nemo. Encantado.

—Nemo, eh? Que nome tan raro. De onde saíu vostede? Por que vai vestido así? Parece saído dunha película de época.

—Non entendo iso da película, mociña. Pero saiba vostede que o seu nome tamén me resulta raro, por non falar da súa vestimenta.

—Oia, non se amosque, Capitán. Xa sei que o hipster está de moda. Esa barba é moi auténtica. Por que non me bota unha man coas probetas? Colla esta e estoutra, axúdeme a levalas ao coche.

Nemo acompañouna ata o estraño vehículo de catro rodas brandas.

—Entón vostede é bióloga?

—Que lle sorprende? Non me sairá vostede machista!

—Non se enfade. Eu tiña un amigo biólogo, acompañoume aquí a primeira vez que vin a Vigo. Chamábase Aronnax, acabado en xe, coma vostede. En realidade nunca dixo ser o meu amigo, insistía en que o secuestraba.

—Que cousas di vostede. Mira que é un tipo raro. De onde vén?

—Istooo, eeeh... do norte.

—Xa vexo. Vai quedar moitos días?

—Non, soamente dous ou tres. Deille descanso á miña tripulación. —Ao instante arrepentiuse dese comentario.

—Ah, si? Onde está o seu barco? É un mercante? Gustaríame velo. Seguro que non cumpre cos protocolos de conservación do medio.

—Ah, pois terei moito gusto en mostrarllo. Hoxe non pode ser, está... lonxe, iso é. Mostrareillo outro día. Pero dígame, por que estuda a auga?

—Señor Nemo, saiba vostede que se atopa nun dos ecosistemas máis ricos do mundo. A ría de Vigo conta cunha extraordinaria capacidade produtiva de peixes e mariscos. Todo iso débese ao afloramento. Sabe o que é o afloramento? Cóntolle: os ventos do norte levan mar a fóra as augas máis cálidas da superficie mentres, para compensar, son substituídas por outras augas profundas, frías e repletas de nutrientes. En só tres días renóvase completamente toda a auga da ría, non é incrible? Esta dinámica fai que as augas sexan moi ricas. Por iso o marisco é tan saboroso e por iso hai tantas bateas.

—Bateas?

—Non sabes o que son as bateas... Pero de onde saíches! Non ves eses elementos repartidos por toda a ría? Son as bateas, desas construcións de madeiras penduran centenares de cordas, nelas críase o mellor mexillón do mundo.

—Crían mexillóns, que interesante!

Meu deus, máquinas voadoras!

Teñan coidado aí fóra

Que estará a facer esa moza?

Son bióloga, recollo mostras de auga para analizar

—Non só interesante, son moi ricos e moi rendibles! Son parte da nosa estampa, sabes? Din que a primeira batea galega se colocou aquí, nesta ría. Idea dun avogado vigués e vixiada día a día por un moañés, Enrique Juncal, que a coidaba como algo propio. Agora hai centos, producindo toneladas e toneladas para a industria conserveira e para o consumo en fresco.

—Xa vexo que esta ría contén moitos tesouros, quizá non os que eu esperaba, pero si outros igual de valiosos.

—Abofé que si.

—É un pracer falar con vostede. Paréceme moi interesante o que me conta. Así que esta cidade vive da produción de mexillóns e mariscos. —Beatrix mirouno con estrañeza.

—Pero, de verdade, de onde saíches? Viñeches navegando e non coñeces o porto de Vigo? É un dos portos pesqueiros máis importantes do mundo. Recibe acotío unhas enormes cantidades de peixe fresco e conxelado.

—Ah, si. Vin eses barcos que conxelan a pesca.

—Hai moitos deses. O primeiro chamouse Lemos, curiosamente o meu pai era de alí.

—Do barco?

—Non home non, do Barco non, de Lemos, de Monforte de Lemos. O barco ese foi un grande éxito: pescar e conxelar ao momento. Que grande idea. Pouco despois

xa había centos e ata hoxe. Esta cidade está moi dedicada ao mar. Hai estaleiros, conserveiras, empresas de elaboración... pero tamén facemos outras cousas, como coches.

—Coches? Ah, si, os vehículos eses.

—Os vehículos eses… anda que… Mira que es raro e anticuado.

—Non crea señorita, son científico e inventor.

—Ah, si? E que inventaches, a máquina do tempo? —Nemo deu un chimpo e non puido contestar.

—Anda, veña, sobe ao coche. Queres que te leve a algures? Cara a onde vas?

—Pois, a verdade, non o pensei, pero preferiría non afastarme demasiado.

—Por que? Tes aquí o barco? Onde está? Ensínamo.

—Non, non, non, agora non pode ser. Mañá, iso é, mañá ensínollo. Sabe o que lle digo? Acepto a súa invitación, entrarei no seu vehículo. Se me ensina un pouco a cidade, agradecereillo.

—Pois veña. Imos cara a Bouzas, teño que levar as mostras. Así poderás ir vendo todo Orillamar.

O pequeno vehículo movíase con violencia no medio dun enxame doutros modelos similares. Nemo nunca pasa-

ra tanto medo como nese primeiro traxecto. En varias oportunidades pensou que a súa vida remataba; pero sorprendentemente, cando o impacto xa parecía inevitable, Beatrix sempre lograba viralo e as augas volvían ao rego. Aos poucos foise tranquilizando e iso que Beatrix falaba coma unha metralladora.

—Ves iso de aí? Era a Etea, unha escola da Armada Española, aí estará o futuro Campus do Mar da Universidade de Vigo, aspiro a ser profesora alí, sabes? Alá arriba está a capela da Nosa Señora da Guía, hai unha bonita vista. Alí hai estaleiros, e alí tamén, esta tempada hai moita actividade. Neste está a construírse un buque oceanográfico, sempre quixen ir nun! Aquel acaba de entregar un buque escola para un país estranxeiro, naqueloutro constrúese un transbordador. Esas son antigas salinas e aquelas, conserveiras. Aquí está a entrada ao porto pesqueiro. Aí dentro hai máis de trescentas cincuenta empresas, facturan miles de millóns de euros. Aquí cárgase o peixe conxelado. Todas esas da dereita son empresas relacionadas coa pesca. Tamén esta o Instituto Marítimo Pesqueiro do Atlántico. Mira, ves?, outros novos estaleiros. Tamén hai moitos centros relacionados coa investigación, como o CSIC, onde traballo eu, ou como o Ecimat ou o Instituto Español de Oceanografía. E alá atópase o Museo do Mar de Galicia. Apetéceche velo? Ten un dos primeiros submarinos do mundo. —Nemo desencaixouse.

—Un queeee?

—Que pasa, nunca viches un submarino? Este non é que teña moita capacidade para navegar, por iso lle chamaban submarino-boia. Inventouno un vigués, Sanjurjo Badía, é

Esta ría é un ecosistema moi produtivo, ves as bateas?

O afloramento fai que as augas sexan moi ricas

Eu tamén son científico, e inventor. Inventei un submarino

Pero se iso está inventado hai anos!

Vou mostrar a cidade mentres levo as mostras de auga

a estrela do museo. Que che pasa, maréaste? Pos unhas caras moi raras. Queres que conduza máis amodo?

—Non, non. É que me sorprendín. Contareille algo, se promete non comentalo con ninguén. Xa lle dixen que son inventor. Eu tamén inventei un submarino.

—Pero como vas inventar un submarino, home. Iso xa está inventado! Ha, ha! Non oíu falar de Isaac Peral ou de Monturiol? Xa choveu!

—Pero é que o meu submarino…

—Anda, anda, déixate de andrómenas, por iso non mo querías ensinar, está debaixo da auga, non? Ha, ha! Inventar un submarino, di. Invento é iso que está aí, velo?: o primeiro barco non tripulado feito en España. Imaxinas as posibilidades que ten iso? Un dron mariño que toma decisións grazas á súa intelixencia artificial e que pode controlarse de forma remota.

—Un dron.

—Tampouco sabes o que é un dron, claro, se ata parecía que nunca viras un coche. Pero de onde saíches, non serás un tolo perigoso? Ha, ha!

—Señorita!

—Tranqui, non te sulfures. Estou mal de diñeiro, pero convídote a unha caña. Cervexa, entendes? Para pagar marisco non estou.

—Non se preocupe por iso, señorita. Convídoa eu.

—Adxudicado! Pero lémbrame que logo entregue as mostras, que non quero marchar para a casa con elas no coche.

E afastáronse camiñando cara aos mesóns de Bouzas. Diríase que isto tamén é o principio dunha grande amizade.

ISTO PODE SER O PRINCIPIO
DUNHA GRAN AMIZADE

FUNDAMAR
Fundación para la Pesca y el Marisqueo

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA | AÑO PATRIMONIO

ARVI
ASOCIACIÓN DE ARMADORES DE PESCA DE PUERTO DE VIGO

CCOO servizos á cidadanía galicia

FeSMC